

1. CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación que a continuación vou desenvolver levareina a cabo nunha das aulas das parroquias que pertencen ao CRA Raíña Aragonta (Salceda de Caselas). A aula de Fontán está situada na parroquia de Parderrubias , tratándose pois dunha contorna rural. Durante este curso 2021/2022 forman parte desta aula 18 nenas/os: 3 de 4º de E.I., 4 de 5º de E.I. e 11 de 6º de E. I.

Como linguas vehiculares de aprendizaxe empregaremos os dous idiomas oficiais da comunidade autónoma (galego e castelán), procurando deste xeito que o alumnado acade competencias semellantes en ámbalas dúas linguas. A nivel normativo terei en conta o establecido no Decreto 79 do 20 de maio de 2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, así como o disposto na Addenda anual do Proxecto Lingüístico do Centro.

A continuación paso a desenvolver os diferentes elementos da programación, tendo en conta que poderán ser modificados en función do ritmo de aprendizaxe do alumnado.

2. OBXECTIVOS

Tendo en conta o establecido no Decreto 330 do 4 de xuño de 2009 polo que se establece o currículo da EI na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:

Área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva descubrindo ás propias características, posibilidades e limitacións.
- Coñecer e representar o propio corpo.
- Identificar e expresar de forma apropiada as principais emocións e sentimentos.
- Resolver tarefas sinxelas, conflitos e problemas cotiáns con iniciativa e autonomía.
- Favorecer o desenvolvemento de actitudes e comportamentos tendentes a eliminar actitudes sexistas.
- Adquirir hábitos e actitudes relacionados co benestar e a saúde, así como de orde, constancia e planificación na realización das tarefas.

Área de Coñecemento do contorno

- Observar e explorar activamente o contorno próximo.
- Participar dos distintos grupos sociais dos que forma parte.
- Coñecer e valorar as manifestacións culturais da comunidade.
- Identificar e valorar os compoñentes básicos do medio natural.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas.
- Fomentar a concienciación do alumnado e das familias da necesidade de traballar de maneira conxunta para prever situacións de desigualdade e de violencia por razón de sexo.

Área de Linguaxes: comunicación e representación

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de relación social e comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación...
- Comprender as mensaxes dos demais e esforzarse nas propias.
- Desenvolver habilidades e estratexias comunicativas nas dúas linguas oficiais.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes.
- Achegarse de xeito significativo á lectura e á escritura.
- Aproximarse, na medida das súas posibilidades, ó uso das TIC.
- Tomar conciencia do uso sexista da linguaxe e da imaxe.

3. CONTIDOS

A partir dos obxectivos propostos desenvolveremos uns contidos que contribúan a adquisición das competencias marcadas nos obxectivos anteriores:

Área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Valoración axustada e positiva de si mesmo.
- Interiorización do seu esquema corporal.
- Sentimentos e emocións propios e dos outros.
- Respecto polas diferenzas e características das demais persoas.
- Adquisición dun maior dominio das capacidades corporais.
- Actividades da vida cotiá: hábitos e habilidades na realización das mesmas e na relación cos outros.
- Desenvolvemento de hábitos saudables.

- Gusto polos ambientes limpos e ordenados
- Desenvolvemento de actitudes e comportamentos tendentes a eliminar actitudes sexistas.

Área de Coñecemento do contorno

- Descubrimento e observación do medio físico e dos seus elementos.
- Observación e valoración da funcionalidade dos números e unidades de medida.
- Identificación de formas planas e tridimensionais no contorno.
- Elementos do medio natural e as súas características.
- Gozo na realización de actividades na/sobre a natureza.
- Identificación de comportamentos e actitudes axeitados ás normas dos grupos sociais.
- Participación activa nas festas e tradicións da comunidade.
- Concienciación do alumnado e das familias da necesidade de traballar de maneira conxunta para prever situacións de desigualdade e de violencia por razón de sexo.

Área de Linguaxes: comunicación e representación

- Uso da lingua oral como medio de expresión e comunicación.
- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación e iniciación ao seu uso.
- Experimentación cos elementos da expresión plástica e gráfica.
- Exploración das posibilidades de diferentes materiais e técnicas plásticas.
- Participación activa en dramatizacións e xogos simbólicos.
- Uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento ás producións audiovisuais.

- Toma de conciencia do uso sexista da linguaxe e da imaxe

4. METODOLOXÍA

A metodoloxía que empregarei será un conxunto de estratexias didácticas que permitirán que as miñas alumnas/os sexan as protagonistas da súa propia aprendizaxe. O obxectivo principal é manter activa a mente das nenas e nenos a través de actividades manipulativas e vivenciais, fomentando a súa capacidade de observación, análise e crítica.

A miña actuación guiarase polos principios de consistencia evolutiva, relación escola - medio, significatividade, experimentación, clima afectivo, socialización, actividade, xogo e “aprender a aprender”. Empregarei fundamentalmente unha metodoloxía de traballo por proxectos, xa que este método ten en conta os intereses do alumnado e parte das súas experiencias e coñecementos previos. Ademais, segundo o Decreto curricular, é a metodoloxía máis adecuada para iniciar ós nenos na consecución das competencias e para levar á práctica o principio de “aprender facendo”.

Estimularemos a participación de nenos e nenas en xogos e actividades que tradicionalmente lles foron vedadas. Nenos: xogos gramáticos e tarefas de rutinas cotiás que valoren a orde, a limpeza, a non agresividade e o afecto. Nenas: xogos deportivos e tarefas de construción e mecánica

Ofreceremos textos e ilustracións nas que os personaxes non estean discriminados polo seu sexo. Utilizaremos formas de agrupamento para xogos e actividades que rompan a segregación sexual. Estableceremos unha relación comunicativa que permita facer reflexións en diferentes contextos sobre o respecto e a aceptación dos outros.

Achegaremos expectativas positivas que comporten esperanzas e ambicións para o futuro dos/as alumnos/as: as expectativas que teñamos sobre as alumnas e os alumnos modificarán os seus logros.

Estableceremos unha relación comunicativa que permita facer reflexións en diferentes contextos sobre o respecto e a aceptación dos outros.

Á hora de traballar especificamente aspectos relacionados coa lectoescritura e as nocións lóxico numéricas, as nenas/os contarán con material impreso que serve de complemento ao traballo na aula, que en todo momento se centrará nos seus intereses, polo que moito do material será de elaboración propia. Ao longo do curso, traballaranse diferentes proxectos que irán xurdindo en favor das necesidades e inquietudes das nenas e nenos. Para levalos a cabo, irei elaborando materiais segundo sexa preciso.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A convivencia de nenas e nenos de entre 3 e 6 anos na aula provoca unha gran variabilidade á que tratarei de facer fronte respectando as diferenzas individuais e valorándoas como fonte de riqueza.

Nesta programación propoño experiencias de aprendizaxe que dean unha resposta o máis axustada posible ás necesidades e demandas do alumnado, sobre todo en canto ao reforzo ou ampliación dos elementos traballados de maneira xeral.

Adaptareime ás necesidades de cada unha das miñas alumnas/os, incluíndo nas actividades un cariz aberto e flexible. Deste xeito podo garantir a equidade na educación e a implementación dos principios de inclusión e normalización que promove a **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.**

A programación de aula debe dar unha resposta adecuada ás necesidades educativas de todo o grupo – clase e polo tanto, como titor, deberei atender estas diferenzas e axustar a elas a miña intervención educativa. Realizaranse por tanto axustes ou modificacións sobre a base das ditas necesidades, de modo que cada alumno/a poida conseguir os obxectivos propostos participando da dinámica xeral da aula, prestando especial atención ao alumnado que poida presentar NEAE.

Desta maneira, a nosa intervención docente posuirá un carácter preventivo e compensador, realizándose actividades en pequeno grupo que favorezan o intercambio de opinións, o respecto, a colaboración, a axuda e a cooperación.

6. ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA A ALTERNATIVA Á RELIXIÓN

Ao longo do curso, desenvolverei actividades encamiñadas a formar ao alumnado en valores como a igualdade, o respecto polos demais e pola contorna, a solidariedade, a non discriminación, a coeducación... Para iso

empregarei diferentes recursos como contos, pequenos coloquios, fragmentos audiovisuais ou xogos interactivos.

7. AVALIACIÓN

Atendendo ao disposto na *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e avaliación do 2º ciclo da EI en Galicia*, levarei a cabo unha avaliación global, continua e formativa. As principais técnicas e fontes de información serán a observación directa e sistemática, a análise das producións infantís, as entrevistas coas familias e cos mestres/as especialistas e de apoio que imparten docencia na miña aula. Empregarei tamén escalas de observación, o diario de aula e promoverei a heteroevaluación, a autoevaluación e a coevaluación.

Serán obxecto de avaliación tanto o proceso de aprendizaxe do alumnado coma o proceso de ensino do profesorado.

Indicadores de avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado:

- ✓ Avanza na representación do esquema corporal e na coordinación motora fina e grosa.
- ✓ Expresa as emocións propias, respecta os dos demais e ten unha autoestima positiva.
- ✓ Goza co xogo, respectando e valorando as súas regras.
- ✓ Aмосa autonomía, iniciativa, esforzo, orde e responsabilidade nas tarefas diarias.
- ✓ Avanza na adquisición de hábitos básicos de hixiene, saúde, alimentación...
- ✓ Favorece o desenvolvemento de actitudes e comportamentos tendentes a eliminar actitudes sexistas.
- ✓ Coñece e valora o seu contorno próximo.
- ✓ Aмосa interese polos cambios e características dos elementos do medio natural.
- ✓ Relaciónase satisfactoriamente cos demais.
 - ✓ Fomentouse a concienciación do alumnado e das familias a necesidade de traballar de maneira conxunta para prever situacións de desigualdade e de violencia por razón de sexo.
- ✓ Avanza na adquisición de nocións temporais e espaciais.

- ✓ Desenvolve habilidades lóxico-matemáticas de clasificación, cuantificación, orde...
- ✓ Presenta unha linguaxe oral adecuada á idade: vocabulario, expresión, comprensión...
- ✓ Amosa interese polas situacións nas que intervén a lingua escrita.
- ✓ Exprésase a través da linguaxe plástica e corporal.
- ✓ Avanza no emprego das TIC.
- ✓ Toma de conciencia do uso sexista da linguaxe e da imaxe

Indicadores de avaliación en relación ao proceso de ensino

- ✓ A organización espacial da aula e os recursos empregados.
- ✓ A organización temporal da xornada.
- ✓ As relacións sociais entre os nenos e destes cos mestres.
- ✓ A coordinación cos demais mestres do centro.
- ✓ A relación coas familias.
- ✓ A metodoloxía empregada.
- ✓ A avaliación da propia programación: dos obxectivos e contidos propostos, da súa temporalización, das actividades...
- ✓ Xestionáronse os espazos, os recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
- ✓ Incluíronse os valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

8. ADECUACIÓN DAS ACTUACIÓNS DIDÁCTICAS AO PROTOCOLO CONTRA A COVID – 19

Todas as actuacións previstas a nivel de aula adecuaranse ás instrucións sinaladas no protocolo Covid elaborado para o noso centro, tendo en conta en todo caso as peculiaridades do grupo de alumnos/as en cuestión.

- **Organización dos espazos:** na aula disporanse 4 agrupamentos fixos de 4 ou 5 alumnos/as cada un, dando prioridade ao uso individualizado do material escolar e aos recursos existentes en 4 zonas da aula

determinadas exclusivamente para cada un dos nomeados agrupamentos.

- **Organización dos tempos:** priorizárase a individualidade nas actividades habituais de aula, polo que os tempos destinados a actuacións como o uso do baño ou as entradas e saídas serán flexibles para garantir a estabilidade dos agrupamentos.

9. PLANIFICACIÓN DO LABOR EDUCATIVO EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL.

No referido á atención educativa do alumnado da aula de **Fontán**, nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.”